

INSECTOS

DA NOSA TERRIÑA

LIDIA RODRÍGUEZ RUIZ
CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO
6* Educación Infantil
CURSO 2017/18

ABP: Que é un PROXECTO e porque traballar así



Didácticamente un **proxecto** articúlase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas que se poñen en práctica as diferentes competencias básicas. (Currículo de EI)

Decreto 330/2009 no que se establece o currículo da EI en Galicia.

Orde do 25 de xullo 2008 na que se regula a implantación, desenvolvemento e avaliación do segundo ciclo de EI.

“A incorporación das competencias básicas obriga a reformular a práctica educativa...débense abandonar os tradicionais modelos de transmisións de coñecementos... O paradigma educacional referente debe ser aprender a aprender e aprender facendo”


“Para desenvolver as competencias básicas é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas; así propoñeranse tarefas e retos que inciten as alumnas/os a mobilizar os seus coñecementos”

Fases do PROXECTO de investigación científica:

1. Elección do tema de estudo.
2. Que sabemos e que queremos saber.
Ideas previas.
3. Busca de fontes de información.
4. Establecemento de obxectivos.
5. Organización do traballo.
6. Fase de investigación, posta en común e síntese da información.
7. Elaboración dun produto final.
8. Avaliación.



Elección do tema



SUCESO OCURRIDO NA AULA



Aparece na clase: **Un grilo.**
Observación. Efecto contaxio.
Que é e como averiguar a resposta:

- Internet
- Biblioteca

Primeiro paso:

Visita á biblioteca.
Só atopamos un libro
de insectos.



Préstamo dunha Profe de terceiro:
"COLECCIÓN DE INSECTOS"
Medra o interese polos INSECTOS,
máis que centrarnos so en grilos.

Que sabemos e que queremos saber. Ideas previas

Ideas xerais sobre insectos:

- Nomeamento de insectos que coñecemos.
- Datos sobre insectos.
- Cuestións que se nos plantexan.
- Persoas que poden axudar na nosa investigación.


Como recollemos as ideas previas?

Escribo eu a información que expresan oralmente en *gran grupo*. Expoñemos nun mural que sabemos e que queremos saber.


Marcamos o **produto final** con relevancia social:
DOTAR DUN LIBRO Á BIBLIOTECA que recompila toda a nosa investigación.

Busca de fontes de información


OBSERVACIÓN DIRECTA




Busca de fontes de informação




LIBROS DE CONSULTA



Busca de fontes de información




INTERNET E APP



Busca de fontes de información



CONSULTA A EXPERTOS



Establecemento de obxectivos

- Participar en todas as fases dunha investigación con base científica.
- Recoller información verídica sobre os insectos, sentando bases nunha educación de alfabetización informacional.
- Colaborar co equipo de traballo de xeito produtivo.
- Traballar texto expositivo, tanto propiedades de tipo de texto como de escritura.
- Elaborar un produto final (tanto na parte de texto coma na parte artística).



Organización do traballo

Para a fase de investigación: Grupos de aprendizaxe colaborativo.

Para a fase de corroborar a veracidade dos datos obtidos: pedimos axuda ás familias. Traballo individual coa súa familia.

Para a fase da parte artística: Parellas da súa elección e individual.

Fase de investigación, posta en común e síntese da información.



- Grupos de traballo para cada insecto.
- Aportacións das familias.
- Colaboración das familias para dar por verdadeira a información de cada insecto.
- Consulta en libros, tamén para verificar os datos.



Elaboración dun produto final

PARTE ARTÍSTICA :

- Ilustración de insectos por equipos.
- Creación de portada, contraportada e fondos do libro con acuarelas.
- Escaneado de imaxes.

PARTE DE TEXTO:

- Categorización da información.
- Edición de texto.
- Montaxe do libro de texto e imaxes na web (www.blurb.es).



Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA durante o desenvolvemento do proxecto para adaptar, reconducir, axustar as propostas de traballo, os materiais, os agrupamentos, etc.

AVALIACIÓN FINAL: non imos a centrarnos so nos **obxectivos** e ideas que planificamos, senón tamén en como se desenvolveu todo **o proceso** de investigación (tempos, materiais, motivación, implicación de todo o alumnado, comunicación e colaboración cas familias e impacto social do proxecto dado por un produto adecuado...).

COMO AVALIAR: temos que ser sistemáticos e utilizar diferentes instrumentos e recursos (anotamentos, documentos de información recollida, documentos de categorización da información, traballos d@s alumn@s, transcripción se conversas, observación dos seus xogos, transcendencia nas súas vidas, recollida do feedback das familias...).



MOITAS GRAZAS

☆ mail: lidiarodriguezruiz@gmail.com

☆ instagram: felicesyvalientes